Retallos da Memoria
Asociación Memoria Histórica Democrática.

Coordinadores: Enrique Barrera Beitia e Bruno González Mauriz.

1ª Edición: Xuño do 2007.
Edita: EQUONA Deseño Editorial, S.L.

Material Fotográfico: Memoria Histórica Democrática.

Depósito Legal:
ISBN: 978-84-935882-0-5

“L´homme du bonheur a accés à tout et notamment à la connaissance du malheur”

Clement Rosset

Enrique Barrera Beitia e Bruno González Martínez, dous historiadores da Asociación Memoria Histórica Democrática, recompilaron oito pequenas historias pertencentes a oito familias que padeceron, en diferente medida, as penalidades da represión. De xeito consciente, o traballo afecta só a familias anónimas para o gran público; non hai líderes políticos, grandes persoeiros da cultura, mesmo son candidatos a formar parte do que cinicamente algúns consideran “danos colaterais”, mais, ¡canta grandeza na súa desgraza!, ¡canta grandeza na súa capacidade de sobrevivir na travesía dunha vida real, áspera! As boas xentes –e se cadra, precisamente por tal feito-, acceden a todo, e especialmente ao coñecemento da desgraza provocada pola máis abxecta maldade da que son capaces algúns, cando a violencia non só non é reprimida, senón exaltada.

Son os retallos da historia, os restos aínda non esquecidos dun naufraxio no que se asolagaron as esperanzas dunha xeración boa e xenerosa, afundida por unha guerra filla da intolerancia antidemocrática nada na Alemaña nazi e na Italia fascista, á que tan gustosamente vencellouse parte dunha España, da que non queren renegar –pese as evidencias da súa maldade-, os que se consideran os seus lexítimos herdeiros.

A Asociación Memoria Histórica Democrática, da que teño a honra de presidir, espera coa publicación do primeiro volume destes “Retallos da Memoria”, contribuír á dignificación das vítimas da ditadura padecida neste país entre 1936 e 1975.

Manuel A. Fernández Pita.
Presidente de Memoria Histórica Democrática.